



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 30 de xuño de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

5.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2023. EXPTE 12030/224.

Visto o informe de fiscalización do 21/06/2023, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2023 asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, a concelleira de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e o concelleiro de Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2023 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2023.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00 € (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 14/03/2023 e 16/03/2023, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 17 de marzo e rematou o 31 de marzo de 2023.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 57 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada. Segundo o estipulado na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 1 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes segundo o estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades do Servizo de Igualdade, e D^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 31 de maio de 2023 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2023”, por un importe total de noventa mil novecentos noventa e oito con sesenta céntimos (90.998,70 €); constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa:

a) Por renuncia expresa da súa solicitude, conforme co artigo 94.4 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas:

- Asociación veciñal socio cultural e deportiva San Miguel de Oia, con CIF: G36648640. Proxecto “Actividades de promoción da muller”. Expte. 12128-224. Presenta escrito asinado polo seu presidente en data 15.05.2023, con entrada no Rexistro Xeral Municipal na mesma data (nº doc 230139457), na que fai constar a renuncia da solicitude presentada en data 29.03.2023.**
- Asociación Mulleres e palabras, con CIF: G01796184. Proxecto “Todas somos lilás. Sororidade é a nosa resposta”. Expte. 12158-224. Presenta escrito asinado pola súa**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 2 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

presidenta en data 24.05.2023 con entrada no Rexistro Xeral Municipal na mesma data (nº doc 230145269), na que fai constar a renuncia da solicitude presentada en data 30.03.2023.

b) Porque a materia e contido do proxecto presentado coincide con programas municipais obxecto de contratación pola Concellería de Igualdade (apartado 2.e da base 5ª), e o proxecto realízase en centros de ensino onde se están a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero (apartados 2.f da base 5ª):

- Fundación Formavigo, con CIF: G27753367. Proxecto “Rompendo barreiras na cidade de Vigo”. Expte. 12.146-224.

c) Porque se trata dunha solicitude presentada por un club ou entidade deportiva (apartado 2.a da base 5ª):

- Club Baile deportivo Pasos-Baile Galicia, con CIF: G27750371. Proxecto “Trofeo Cidade de Vigo”. Expte. 12.161-224

d) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración, a materia do proxecto presentado non se axusta aos obxectivos da convocatoria (apartado 2.k da base quinta), e por considerar que o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo (apartado 2.e da base 5ª):

- Asociación de Enfermas/os de Crohn y Colitis. Proxecto “Información, asesoramento, administración e traballo social”. Expte. 12187-224.
- Fundación Menela, con CIF: G36685964. Proxecto: “Máis talento. Recurso especializado na promoción das mulleres con TEA”. Expte. 12124-224.

e) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración e tal e como queda reflectido na acta de valoración de data 5 de xuño de 2023, o proxecto ten unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo e o obxecto da súa petición está incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo (apartado 2.e da base quinta); e porque se trata de proxectos que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo (apartado 2.d da base quinta):

- AECC. Asociación Española Contra o Cancro, con CIF: G28197564. Proxecto: “Moito por gañar: programa de modificación de hábitos e recuperación psicofísica”. Expte. 12.127-224.
- Down Vigo: Asociación para Síndrome de Down, con CIF: G36697324. Proxecto: “Muller: educación para a saúde”. Expte. 12.141-224.
- AFAGA. Asociación de familiares de enfermas/os de alzheimer, con CIF: G36776920. Proxecto: “Proxecto de fomento da corresponsabilidade na atención de persoas con alzheimer”. Expte. 12.174-224.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 3 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 4 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO I: ENTIDADES, PROXECTOS E CONTÍAS CONCEDIDAS

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36684991	ASOC. VECIÑAL AS FONTES DE LAVADORES	Vivir en Igualdade	36.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G36619468	ASOC. DE MUJERES DORNA DE LA PARROQUIA DEL CRISTO DE LA VICTORIA DE VIGO	Vivir en Igualdade	41.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G36820637	ASOC. GALLEGA AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO	Curso de pandeireteiras 2022-2023	18.00	2,901.06 €	1,742.34 €
G36648996	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	Vivir en Igualdade	36.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G36628543	ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS	Deseño de composicións e ornamentación do arranxo floral	18.00	3,000.00 €	1,742.34 €
G36810752	ASOC. DE MULLERES XESTAS	Arranxo floral, un taller contemporáneo	18.00	3,000.00 €	1,742.34 €
V36658680	CENTRO RECREATIVO E CULTURAL DE CABRAL VIGO	Pintura en tea	19.00	2,560.00 €	1,839.13 €
G36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL DA FEIRA DE CABRAL	Vivir en Igualdade	36.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	Un tempo de auto coidado	18.00	3,000.00 €	1,742.34 €
G15220577	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)	Igualhemos: xornada formativa para mulleres con coagulopatías	24.00	708.35 €	708.35 €
G27739861	ASOCIACIÓN CULTURAL TRASPÉS	As mulleres, memoria do patrimonio inmaterial	18.00	3,000.00 €	1,742.34 €
G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA DE GALICIA (ASDEGAL)	Mulleres sen límites e con moito que dicir-2023	22.00	2,535.00 €	2,129.52 €
G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	Cerámica de iniciación VI	11.00	1,200.00 €	1,064.77 €
G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	Xornada "Soltando amarras"	31.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO-FUNDAMAR	IX Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	28.75	1,452.00 €	1,452.00 €
G36624120	APAMP, ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	Grupo de mulleres coidadoras de APAMP	27.00	3,000.00 €	2,613.50 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 5 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36861078	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	Proxecto Olimpia	26.00	1,029.00 €	1,029.00 €
G27718907	ASOCIACIÓN NÓS MESMAS	Orgullo crítico LGTBIQ+ Vigo 2023	41.50	3,000.00 €	3,000.00 €
G36649325	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	Convivir en igualdade	35.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	Manter en forma o estado físico e mental (Pilates)	16.00	3,000.00 €	1,548.74 €
G27852755	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL AS DA INDUSTRIA	As da Industria construíndo redes feministas	34.00	2,544.28 €	2,544.28 €
G36964757	ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	Curso de pilates	15.00	980.10 €	980.10 €
G36998896	FUNDACIÓN CLUSTER CONSERVACIÓN PRODUCTOS DEL MAR	IX Xornadas divulgativas sobre o papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro	28.75	1,452.00 €	1,452.00 €
G36895993	ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO	Curso de canto tradicional galego 2022-2023	18.00	3,000.00 €	1,742.34 €
G27832856	ASOCIACIÓN CULTURAL DA VILA DE BOUZAS	Arte-llando feminismos	26.00	2,700.00 €	2,516.70 €
G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	Espazo Nós Mesmas	26.00	1,960.00 €	1,960.00 €
G36380301	ADICAM ASOC. DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA	Promoción da saúde nas mulleres diagnosticadas de cancro 2023	28.50	3,000.00 €	2,758.69 €
G15103112	SINDICATO NACIONAL DE COMISIONES OBRERAS	Sindicalismo, educación e sociedade en clave feminista	31.00	2,400.00 €	2,400.00 €
G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	Ocúpate, consérvate e divértete (teñámonos en conta)	24.00	3,000.00 €	2,323.11 €
G36842284	ASOCIACIÓN VECIÑAL PLAZA DA MIÑOCA	Control del estrés desde la actividad física	24.00	1,125.00 €	1,125.00 €
G36791291	AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO	Crossfit e levantamento de pesas para mulleres	11.00	1,150.00 €	1,064.77 €
G36691855	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	Facendo arte coas mans	18.00	600.00 €	600.00 €
G36648608	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE CONSUMIDORES E USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO DE NAVIA	Autoestima e control da ansiedade a través do baile e da xestión emocional	16.00	1,461.32 €	1,461.32 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 01/05/2024 16:18

Páxina 6 de 8

SUBVENCIONS

CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	PUNTOS CONCEDIDOS	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	Coidados e masculinidades	23.00	2,343.66 €	2,226.31 €
G15383011	UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	XXVII Encontro sindical da Muller Traballadora. Os plans de igualdade na negociación colectiva	28.00	3,000.00 €	2,710.30 €
G36655942	ASOC. VECIÑAL RÚAS E FONTES PARADA MACEIRIÑA	Clases de pilates para mulleres	12.00	3,000.00 €	1,161.56 €
G36928646	ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO	Conciencia e recreo emocional	34.25	1,955.28 €	1,955.28 €
G36654036	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	Intelixencia emocional aplicada ao noso día a día	21.00	700.00 €	700.00 €
G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	Introducción al feminismo para personas sordas	22.00	330.00 €	330.00 €
G36706927	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CIG	Xornada "retos do sindicalismo feminista galego"	29.00	3,000.00 €	2,807.09 €
G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA	Traballamos de cara a igualdade de oportunidades e a mellora da nosa calidade de vida	17.00	1,800.00 €	1,645.53 €
G36633618	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES	Benvida	17.00	3,000.00 €	1,645.53 €
G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE BEADE AVCU-CSCR	Taller de deseño de composicións e ornamentación do arranxo floral	18.00	1,037.50 €	1,037.50 €
G27712306	ASOCIACIÓN DE MULLERES EN IGUALDADE DE VIGO	+Ciencia en feminino	28.00	3,000.00 €	2,710.30 €
G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES	Programa de promoción da igualdade no Freixo	31.00	3,000.00 €	3,000.00 €
G36802536	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	Programa Nós: Empoderamento, autocoidado e amor propio	15.00	1,500.00 €	1,451.94 €
G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	II Olimpíadas pola igualdade e mural mulleres olímpicas	18.00	3,000.00 €	1,742.34 €
G27771195	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	Coeducación, pensamento crítico e atención á diversidade	20.00	850.00 €	850.00 €
				TOTAL SUBVENCIONS	90.998,70 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 7 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 16:18	Páxina 8 de 8
SUBVENCIONS	CSV: ABAF49-C8BA4E-4A323F-71R565-TZX5KJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		